

**PROCEDEMENTO E PRAZOS APROBADOS POLA COMISIÓN PROVINCIAL DE BECAS DA PROVINCIA DE A CORUÑA NA SÚA XUNTANZA DO 16 DE MAIO DE 2017**

1. O traballador ou traballadora presentará a solicitude no centro educativo no que pretenda gozar da gratuidade mediante o modelo de solicitude aprobado pola Comisión, que se presentará por triplicado.
2. A solicitude deberá ser selada tanto polo centro no que traballa o solicitante, como polo centro no que se solicita a beca, se son centros diferentes. O centro receptor quedarase cun exemplar, e devolverá dous exemplares ao solicitante: un para o propio interesado, e outro para a organización sindical que estime conveniente, de ser o caso.
3. **O último día de prazo para presentar a solicitude é o venres 2 de xuño de 2017.** Os centros non recollerán nin asinarán solicitudes despois desta data.
4. A Comisión delega nas empresas educativas a competencia de adxudicación provisional das prazas gratuítas. A dirección do centro comunicará ao solicitante a concesión da beca, ou ben a denegación da mesma de maneira razoada e por escrito. **O último día para esta comunicación será o mércores 14 de xuño de 2017.**
5. No caso de non existir comunicación por escrito aos traballadores solicitantes, ou de facerse esta comunicación fóra do prazo sinalado, entenderase automaticamente concedida a beca.
6. Os centros de ensino deberán enviar á Comisión Mixta de Becas de A Coruña un escrito asinado pola persoa titular da Dirección, e o Delegado/a de Persoal (un deles, no caso de ser varios) ou o Presidente/a do Comité de Empresa, de ser o caso, no que conste:
  - Solicitante /solicitantes aos que se lle denegou a praza gratuíta.
  - Número de alumnos e alumnas escolarizados en cada etapa educativa.
  - Relación de alumnos e alumnas con praza gratuíta por etapa educativa, con indicación do nome do proxenitor/a, e centro concertado no que presta servizos.

Este escrito, segundo o modelo aprobado, deberá remitirse á Comisión Mixta de Becas á maior brevidade posible, e en todo caso **non máis tarde do día 20 de xuño de 2017, martes.**

(No suposto de centros nos que non existe representación dos traballadores será elixido entre os membros do Claustro un traballador para a resolución das solicitudes de beca)

7. A Comisión poderá revisar as adxudicacións efectuadas polo centro no suposto de non axustarse ao procedemento ou criterios establecidos pola comisión, ou no caso de non axustarse ao convenio colectivo de aplicación.
8. O traballador ou traballadora ao que lle denegaran a praza gratuíta, ou os centros afectados, poderán formular reclamación perante a Comisión Mixta de Becas. **O último día para presentar esta reclamación será o venres 23 de xuño de 2017.**
9. A Comisión Mixta solicitará do centro a documentación complementaria que considere oportuna e resolverá as reclamacións presentadas **antes do día 30 de xuño de 2017.** A súa decisión é inapelable. Con este obxecto, a Comisión reunirase, de ser necesario, o día 28 de xuño de 2017.
10. Establécese a sede da Comisión Mixta de Becas nos locais da FEDERACIÓN EDUCACIÓN E XESTIÓN, rúa Santa Clara número 23, 15704-SANTIAGO DE COMPOSTELA, Teléfono 981.58.25.27, Fax 981.58.10.73. Correo electrónico: [galicia@escolascaticas.es](mailto:galicia@escolascaticas.es)